

ANEXO III

DECLARACIÓN EXPRESA DO SOLICITANTE

D/D' _____ con DNI nº _____ e
 D/D' _____ con DNI nº _____
 en nome e representación da entidade _____ con CIF nº _____

DECLARA/N BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:
 Que, para a actuación denominada _____

DECLARA EXPRESAMENTE:

1) Que a dita entidade solicitou e/ou ten concedidas as axudas que se relacionan a continuación:

AXUDAS CONCEDIDAS			DISPOSICIÓN REGULADORA
ORGANISMO	ANO	IMPORTE (€)	

AXUDAS SOLICITADAS

ORGANISMO	ANO	IMPORTE (€)	TIPO	DISPOSICIÓN REGULADORA
Consellería de Innovación, Industria e Comercio	2005		Subv.	Orde do _____ de 2005

ACTIVIDADE PRINCIPAL _____ GRUPO DE EMPRESAS/DOAE _____

3) Que **AUTORIZA:**
 A Consellería de Innovación, Industria e Comercio, para que solicite da Xerencia Estatal de Administración Tributaria, da Consellería de Economía e Facenda e da Seguridade Social a información a que fai referencia o artigo 78.4.c) así como no último parágrafo do artigo 78.8 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, en relación coas obrigas tributarias estatais, coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social, sen perxuro de disposto no artigo 15 c) da orde de axuda.
 4) Que non se encontra incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas nos apartados 2 e 3 do artigo 13º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

E, para que así conste ante a Consellería de Innovación, Industria e Comercio, asíma/n esta declaración no lugar e data que abaixo se indica.
 _____ de _____ de 200 _____
 (Sinatura e selo da entidade solicitante)

Valido para efectos informativos

ANEXO IV

ÍNDICE DA MEMORIA DO PROXECTO

1. Descrición da empresa.
 - 1.1. Obxecto social.
 - 1.2. Actividade da empresa.
 - 1.3. Data de constitución da empresa e de inicio da actividade.
 - 1.4. Epígrafes do imposto de actividades económicas en que se encontra dada de alta.
 - 1.5. Data da inscrición patronal na seguridade social.
 - 1.6. Descrición da estrutura organizativa da empresa.
 - 1.7. Empresas filiais ou participadas.
 - 1.8. Certificacións de calidade que posúe.
 - 1.9. Empregados eventuais ou fixos, número e titulacións académicas dos empregados.
 - 1.10. Actividades de formación desenvolvidas pola empresa nos últimos anos.
 - 1.11. Produtos que ofrece actualmente a empresa. Descrición e contribución destes á facturación.
 - 1.12. Materias primas necesarias para a produción. Localización xeográfica dos provedores.
2. Estratexia empresarial
 - 2.1. Aspectos xerais do sector. Evolución previsible. Situación da empresa en relación aos seus competidores

- 2.2. Caracterización de mercados ou segmentos de mercado.
3. Definición do proxecto.
 - 3.1. Descrición do proxecto e necesidade deste. Estado da arte no sector, a nivel nacional e internacional.
 - 3.2. Obxectivos estratéxicos do proxecto. Estes deben ser medibles e verificables, débese xustificar a orixinalidade do proxecto e xustificar as innovacións.
 - 3.3. No caso de que o proxecto que se vai realizar teña como orixe resultados de I+ D empresarial, explicar brevemente as investigacións anteriores realizadas, convocatorias públicas que o financiaron, centros de investigación que interviron e patentes ás que puido ter dado lugar.
 - 3.4. Posibilidades de cooperación entre empresas que poidan aparecer durante e despois da implantación do proxecto.
 - 3.5. Proxecto e actuacións para desenvolver, priorización e impacto destas en relación aos obxectivos previstos.
 - 3.6. Tempo considerado para a súa realización e tempo necesario para a explotación dos resultados.
 - 3.7. Diagrama de realización do proxecto, indicando as diferentes fases ou etapas de que consta, desagregando para cada unha delas. Inicio e terminación prevista, tempo que se vai empregar. Descrición da etapa, precisando o que se necesita acadar

en cada unha delas. Entidades e persoas que interveñen, funcións e responsable. Custo. Identificación dos riscos e puntos críticos, que poidan afectar a execución do plano de traballo.

No caso de contar coa colaboración de universidades, centros públicos de investigación, centros tecnolóxicos ou análogos, achegue neste punto unha copia do contrato.

3.8. Descrición do novo proceso industrial e/ou produto (diagramas, planos, etc. en comparación cos que xa tiña a empresa).

3.9. Caracterización dos produtos resultantes do proxecto: características técnicas, do proceso. Novas materias primas e compoñentes. Outros aspectos de interese.

3.10. Capacidade tecnolóxica e industrial da empresa: experiencias anteriores.

3.11. Orzamento do proxecto, provedores escollidos, e gastos necesarios. Xustificación. (Verifique a concordancia deste orzamento co presentado no formulario de solicitude).

3.12. Recursos destinados e financiamento do proxecto. Outras axudas.

4. Beneficios derivados do proxecto:

4.1. Melloras na calidade dos produtos.

4.2. Mellora na flexibilidade das operacións.

4.3. Melloras en seguridade no traballo.

4.4. Melloras ambientais.

4.5. Reducións nos prazos de entrega.

4.6. Redución dos custos en procesos e operacións.

4.7. Identificar os sectores económicos que se verían afectados e que se beneficiarían dos resultados do proxecto, definindo e cuantificando o posible impacto dos resultados sobre eles.

4.8. Xustificación económica e social do proxecto. Emprego que vai crear e características deste. Facturación inducida.

4.9. Protección de resultados. Patentes ás que poida dar lugar o proxecto. Colaboracións tecnolóxicas con clientes e provedores.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA AGROALIMENTARIA E DESENVOLVEMENTO RURAL

Orde do 22 de febreiro de 2005 pola que se modifica a do 8 de setembro de 2004 pola que se modificou o Regulamento da denominación específica Orujo de Galicia e do seu consello regulador.

A Orde do 8 de setembro de 2004, da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, modificou o Regulamento da denominación específica Orujo de Galicia e do seu consello regulador no senso, fundamentalmente, de incluír no seu

ámbito de protección a augardente de herbas e os licores de herbas e de café, bebidas tradicionais da nosa comunidade que aínda non tiñan acadado esta protección como denominacións xeográficas.

Para acadar un axuste máis preciso entre o recollidos nesta nova redacción do regulamento e a normativa comunitaria faise preciso realizar unha modificación puntual do artigo 9 bis, que para unha maior claridade, redactase de novo.

Por iso, e de conformidade co artigo 30.I. 3 e 4 do Estatuto de autonomía de Galicia, e no uso das competencias que me confire a Lei de Galicia 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente,

DISPOÑO:

Artigo único.-Modifícase o artigo 9 bis do Regulamento da denominación xeográfica Orujo de Galicia/Augardente de Galicia, Augardente de hierbas de Galicia/Augardente de herbas de Galicia, Licor de hierbas de Galicia/Licor de herbas de Galicia e Licor café de Galicia; modificado por Orde do 8 de setembro de 2004; que queda redactado do xeito que se expresa a continuación:

«Artigo 9 bis:

1. Augardente de herbas de Galicia é a bebida espirituosa tradicional elaborada en Galicia en instalacións inscritas nos rexistros do consello regulador, obtida a partir de augardente amparado pola denominación xeográfica Orujo de Galicia/ Augardente de Galicia, mediante maceración e/ou destilación do alcohol en presenza das herbas que o caracterizan, cun contido en azucres inferior a 100 gramos por litro e cun grao alcohólico volumétrico mínimo de 37,5 e máximo de 50.

2. Na elaboración da augardente de herbas de Galicia empregaranse un mínimo de tres plantas de entre as que se relacionan a continuación: menta, macela, herba luísa, romeo, ourego, tomiño, coandro, azar, fiúncho, regalicia, noz moscada e canela. Poderanse empregar tamén outras plantas autorizadas pola consellería competente en materia de agricultura tras a petición do consello regulador.

As plantas deberán ser recolleitas na súa máxima floración, lavadas e secadas ao aire en sitios frescos e con pouca luz ata o momento da súa utilización.

3. Para a edulcoración utilizaranse un ou varios dos produtos autorizados polo Regulamento (CEE) 1576/1989.

4. A coloración, que dependerá da fórmula do elaborador, poderá completarse con colorantes autorizados.

5. No proceso de elaboración empregaranse exclusivamente substancias aromatizantes naturais, quedando prohibida expresamente a adición de aromas e/ou preparacións aromatizantes, extractos ou esencias de calquera tipo».